

## **CAPÍTULO VIII**

### **A CONVIVENCIA**

#### **SEGUNDO OS ORIENTADORES DOS CENTROS**



## REUNIÓN COS ORIENTADORES

### SENTIDO E OBXECTIVOS DA REUNIÓN

Trala revisión e análise dos datos acadados a través dos cuestionarios pasados ós 4 colectivos da comunidade escolar extráese a sensación de que a *convivencia* resulta unha realidade certamente opaca e á que resulta ben difícil chegar polos camiños das metodoloxías convencionais de investigación.

Esta dificultade é, por outra banda, unha característica común de todas as situacións nas que as persoas ou os colectivos deben enfrontar o feito de facer públicos os problemas propios ou das persoas ou institucións nas que un mesmo se atopa implicado.

Engádese a iso a vulnerabilidade das enquisas e cuestionarios como mecanismos de recollida de información en temas desta natureza. Ás veces, as respostas poden vir contaminadas polo desexo de ofrecer unha *boa imaxe* de si mesmo ou da situación que se tenta describir obviando os problemas.

Esa sensación de que resulta difícil chegar ós auténticos problemas de convivencia nos centros escolares, de que por momentos os resultados describen

situacións “excesivamente idílicas” e pouco coincidentes cos comentarios habituais de profesores ou pais ou alumnos sobre os conflitos existentes nos centros escolares, resulta incómoda para os investigadores. Moitos estudos describen como foi necesario abrir novas liñas de análise para poder neutralizar esa sensación e completar a información sobre o obxecto de estudio por vías complementarias.

Unha visión positiva dos datos (en contradicción co que resulta ser o discurso popular e mediático sobre os conflitos actuais nos centros escolares) sitúa ós investigadores ante unha dobre hipótese:

- a) As cousas son efectivamente positivas e non existen conflitos. Non temos, por tanto, por qué caer na tendencia dos medios de comunicación ou de persoas ou grupos en facer dos casos particulares circunstancias xerais, nin por qué converter casos illados en diagnósticos xerais.
- b) As cousas non son tan positivas como aparecen nos datos ofrecidos no estudio pero resulta difícil acceder ós problemas auténticos porque os informantes tenden a dar unha “imaxe positiva” da situación e a agachar os problemas, se os houbese.

Este é xustamente o sentido desta parte do estudio que aparece como algo engadido ó seu deseño xeral.

Ten como obxectivo completar, cunha visión máis viva e persoal, os datos acadados a través das enquisas. Aqueles datos proporcionan a amplitude e potencia analítica dos centos de táboas e ítems que constitúen o estudio no seu conxunto. Esta parte, máis humilde metodoloxicamente, tenta achegar a perspectiva dun colectivo (o dos orientadores/as de centros) que pola súa propia función institucional ten a posibilidade de desenvolver unha perspectiva bastante completa e intensa da dinámica interactiva dos centros nos que traballan.

Dende o *punto de vista metodolóxico*, este apartado require dunha serie de consideracións previas que clarifiquen o seu grao de validez e xenerabilidade:

- A reunión convócase en Santiago e dura unicamente unha mañá.
- Están convocados/as a ela orientadores/as dun contorno próximo e vinculados especialmente á Delegación da Coruña pois é un dos orientadores dos servizos centrais quen serve de intermediario.

- Están convocados/as especialmente orientadores/as de centros de secundaria que polas súas características constitúen escenarios nos que a convivencia resulta unha dimensión importante do quefacer educativo.

As mencionadas condicións do traballo supoñen, xa que logo:

- Que non podemos ter pretensión de xeneralizar os datos a toda Galicia pois non asisten orientadores das 4 provincias. De todos os xeitos, aceptada esta limitación no que ten de principio, resulta pouco previsible que orientadores/as doutras zonas da comunidade autónoma presentaran unha radiografía máis diversa da que ofrecen os seus colegas da provincia da Coruña.
- Que non podemos ter a pretensión de que os problemas ou circunstancias mencionadas a continuación sexan igualmente aplicables a todos os centros dos diversos niveis e etapas educativas. Unha cousa que quedou clara no encontro é que as circunstancias da convivencia varían fortemente dun tipo de centros a outro: non soamente por razón da etapa educativa á que se pertenza senón tamén polas características sociais (ciudades, zonas rurais, zonas marxinais, etc.) e institucionais (centros novos vs. antigos, centros grandes vs. pequenos, centros con diversas etapas e sistemas coexistindo, etc.) dos centros.

Entendidas así as cousas, estas son as consideracións que se poden extraer da entrevista colectiva mantida cos orientadores/as.

As notas que a continuación se ofrecen dun xeito resumido están organizadas do seguinte xeito:

- a) Problemática xeral sobre a convivencia referida ó profesorado
- b) Problemática da convivencia no que se refire ó alumnado
- c) Propostas para mellorar a convivencia nos centros escolares

## **A) OPINIÓNS DOS ORIENTADORES/AS SOBRE A CONVIVENCIA NO PROFESORADO**

Que a convivencia non é algo que se refire estrictamente ós comportamentos dos alumnos/as é un dos puntos de partida deste informe. Todos os

colectivos constituíntes da comunidade escolar están en interacción mutua e todos eles conviven na institución escolar. A convivencia é, pois, un tema que afecta a todos.

Unha segunda consideración previa resulta tamén importante destacar aquí: a convivencia non é só unha cuestión de problemas de conducta ou conflitos. A convivencia abrangue todo o ámbito das relacións interpersoais que se producen nun centro escolar. Ten, por tanto, unha faciana positiva que se refire ós aspectos normais da convivencia ordinaria e ten outra faciana que se refire ós aspectos problemáticos da convivencia.

Por iso, aínda que por razóns de parsimonia metodolóxica teñamos que reducir os comentarios ás situacións conflictivas da convivencia, iso non quere dicir en absoluto que partamos dunha visión negativa da convivencia. Nin sequeira, dunha visión negativa dos conflitos (que ás veces xogan como elementos dinamizadores da situación e permiten reconstruír as relacións perturbadas por outras novas e máis enriquecedoras).

Desde esta perspectiva, ¿cales son os problemas que os orientadores/as identifican na convivencia entre profesores?

Dunha análise pormenorizada das intervencións habidas no encontro poderíamos agrupar as opinións e valoracións dos orientadores en dous grandes apartados:

- a.1 Problemática convencional na convivencia entre profesores
- a.2 Problemática vinculada ó novo escenario institucional creado pola LOXSE

### **a.1 Problemática convencional na convivencia entre profesores**

Parte dos problemas de convivencia do profesorado correspóndese con vellas e ben coñecidas circunstancias que caracterizan o traballo dos profesores. Trátase, como poderemos ver a continuación, de aspectos moi adheridos á condición profesional do profesorado e á particular cultura na que os profesores nos movemos na nosa actuación como educadores.

Cabería mencionar neste apartado as seguintes consideracións:

### **a.1.1) A tendencia habitual ó individualismo como forma de afrontar o traballo**

Un dos aspectos básicos en relación coa convivencia é que en moitos casos cabería dicir que “non hai problemas de convivencia porque non hai convivencia”. Se cada un se dedica a facer o seu traballo sen meterse cos demais, reducindo os contactos a cuestións de tipo persoal, existen poucas posibilidades de que poidan xurdir conflitos. Pero nese caso o conflito está xustamente na non existencia de relacións.

Un diagnóstico deste tipo podería facerse como reflexo da situación en bastantes centros escolares.

As estratexias de colaboración, a cultura de cooperación, a implicación en iniciativas de conxunto constitúen importantes lagoas na dinámica de funcionamento dos centros escolares. E esta situación constitúe, sen lugar a dúbidas, un atranco moi importante para mellorar a convivencia.

En definitiva, o que se quere salientar é que a “non existencia de conflitos” non sempre é un indicador de boa convivencia.

### **a.1.2) A “formalización” dos compromisos sobre os mínimos marcados pola normativa**

Outro dos estilos de funcionamento amplamente estendidos nos centros escolares refírese á tendencia a manterse nun “cumprimento básico da normativa” pero reducida ós seus mínimos e ós seus aspectos máis formais. Isto é, cúmprese coa “forma” máis que co sentido da normativa.

Este problema afecta fundamentalmente ós horarios e ós tempos de permanencia nos centros. No mellor dos casos cúmprese coas obrigas pero sen chegar a encher de contido e efectividade ese tempo. O que ó final acaba creando círculos viciosos: acaba aceptándose que “non teñen sentido esas horas de permanencia no centro porque total o que se fai é perder o tempo”.

Pero a falta de tempos e espazos comúns afecta fortemente á necesidade, mencionada no punto anterior, de traballar cooperativamente no desenvolvemento de proxectos compartidos.

### **a.1.3) A dificultade que certas estruturas organizativas lle imponen ó traballo común**

A principal delas (alomenos no sinalado polos orientadores) é a que se refire ó alto nivel de inestabilidade do profesorado. Os centros cun número elevado de profesorado provisional teñen moitos máis problemas para establecer un tipo de proxectos conxuntos dotados de certa permanencia.

A provisionalidade xera, por outra banda, un particular estado psicolóxico nas persoas: “se total non vou seguir aquí o ano que vén, non ten sentido que inicie cousas que me esixan un esforzo especial ou que esixan unha continuidade que non lles podo garantir”. Nese sentido, mesmo deixa de ter sentido tentar afrontar os problemas latentes ou explícitos do centro escolar: dado que non se vai continuar alí, resulta máis cómodo deixar que as cousas esmorezan pola súa conta que afrontalas directamente (por se isto puidera crear conflitos)

A provisionalidade das persoas (cando esta situación prevalece sobre a de estabilidade) acaba contaminando toda a institución que xera un “estilo provisional” e a curto prazo nas súas decisións e iniciativas. Non se chegan a consolidar nin os lazos interpersoais nin os proxectos nin o estilo de traballo.

### **a.1.4) A existencia de conflitos latentes que veñen de antigo e que xeran unha dinámica un tanto rota (con subdivisión en grupos)**

Como todo grupo humano, os centros escolares non están exentos de padecer divisións internas provocadas por conflitos persoais ou entre grupos, ou por diverxencias de tipo ideolóxico, pedagóxico ou político.

Este tipo de conflitos é inevitable en grupos humanos complexos e diversos. Os mecanismos democráticos incorporados ó funcionamento e xestión dos centros escolares é posible que non aumentase os conflitos pero si os fixo máis patentes e públicos. A dialéctica entre grupos de poder (e non poder) e grupos de oposición tense establecido nalgúns centros (non moitos, segundo a impresión dos orientadores). E mesmo, neses casos, a convivencia non ten por qué verse alterada, salvo nos momentos de eleccións ou no desenvolvemento de reunións dos órganos de xestión dos centros (que ás veces se evitan ou aprazan para evitar a confrontación).



En todo caso, nestes centros, nos que non ten por qué faltar a cordialidade e o respecto das formas na convivencia, o que si se observa é unha máis forte tendencia a manterse na formalidade (en cumprir e facer cumprir os aspectos formais das normas sen entrar no seu sentido substantivo).

#### **a.1.5) A inhibición como expresión de conflito pasivo na convivencia**

Un dos aspectos máis salientables na actual situación de moitos centros é que os conflitos de convivencia entre profesores non se refiren a conflitos conductuais e externos (agresións, insultos, malas formas, incumprimento das obrigas, etc.) senón a actitudes pasivas e de inhibición (as tradicionais omisións).

Deste xeito, o que altera máis a posibilidade de establecer unha dinámica constructiva nos centros escolares é xustamente o alto nivel de inhibición por parte dunha proporción significativa de profesores. A convivencia, neste sentido, non pode ser analizada como a presenza ou ausencia de conflitos senón como a presenza ou ausencia de participación e compromiso por parte do profesorado. Nese sentido resulta moito máis positiva para un centro escolar unha participación activa e maioritaria do profesorado nas actividades comúns dos centros, aínda que iso xere, como non pode ser doutra forma, conflitos, que unha paz e tranquilidade total que se constrúa sobre a inhibición maioritaria.

#### **a.1.6) As condicións de traballo dos profesores como causa de problemas de convivencia**

Sería erróneo e perverso situar exclusivamente os problemas de convivencia no profesorado no ámbito do persoal e vincularlos a deficiencias e vicios dos propios profesores. Existen outras moitas causas e condicións que facilitan a aparición de problemas de convivencia.

Na opinión dos orientadores/as participantes neste estudo, unha das causas máis evidentes de conflitos é a que se refire ó elevado *nº de alumnos por clase*. Nalgúns casos ese número elevado de alumnos impide desenvolver un tipo de traballo capaz de chegar ás necesidades de cada alumno.

O Consello Escolar de Galicia non pode considerar satisfactoria unha ausencia de conflitos de convivencia entre o profesorado porque non exista propiamente tal convivencia. Os hábitos individualistas, a redución a

mínimos formais das actividades colectivas ou de equipo xeran frecuentemente unha situación aconflictiva por ser, precisamente, aconvivencial.

A administración educativa, pola súa banda, debería facer un decisivo esforzo por reducir a mínimos as situacións de provisionalidade e inestabilidade do profesorado, que non propician tampouco que este se implique en actividades de equipo, articuladas en función dunha continuidade e dunha estabilidade que previsiblemente non vai haber.

Neste mesmo sentido habería que ter tamén en conta que un menor número de horas de clase e un menor número de alumnos por clase favorecerían en grande medida que o profesorado puidese implicarse con máis efectividade en tarefas de tipo colectivo que incrementasen os espazos e os tempos de cooperación e convivencia.

### **a.2 Problemática derivada dos novos escenarios institucionais creados pola LOXSE**

A progresiva implantación da LOXSE en todos os centros escolares foi transformando a práctica habitual da ensinanza e tamén a dinámica ordinaria de funcionamento dos centros escolares. Como non podía ser doutra maneira, ese novo escenario institucional (alumnado diferente, novo profesorado de categorías diversas, novas disciplinas, etc.) comporta innumerables expectativas e novas formas de interacción, non exentas de tensión nalgúns casos, entre os protagonistas da acción educativa.

Na opinión dos orientadores/as informantes os problemas de convivencia derivados desta nova situación poderían quedar concentrados nos seguintes puntos:

#### **a.2.1 Reticencias permanentes con respecto á Loxse e certo descompromiso con respecto ós seus enfoques**

Alomenos unha parte notable (que varía na súa amplitude e características segundo os centros) do profesorado segue a manifestar certas reticencias con respecto á filosofía e ás mudanzas introducidas pola LOXSE no sistema educativo e na actuación práctica dos profesores. Non todos os orientadores/as fan unha análise similar da situación (que para uns é máis grave do que para

outros/as) pero case todos salientan este aspecto como un punto importante para entender a dinámica contradictoria de compromisos e inhibicións actualmente existente nos centros, sobre todo de secundaria.

A principal e inmediata consecuencia desta desconformidade é un afastamento da situación, unha forma como de saír fóra e ver as cousas coma se un/unha non formara parte delas. Prodúcese unha descarga moi forte de responsabilidades na dirección dos centros co conseguente descompromiso persoal.

Esta actitude pode, curiosamente, ser interpretada como “achega positiva” á convivencia pois evita os problemas. Os centros escolares sen problemas especiais de convivencia poden ter chegado a esa situación por un eficiente traballo de axuste institucional e coordinación; pero pode ter acontecido, tamén, o que se sinalaba no punto anterior: que non existan problemas de convivencia porque non existe convivencia.

En calquera caso, a inhibición, cando se produce por descompromiso coas metas institucionais non deixa de ser unha forma pasiva de oposición e conflito. E é así como os orientadores ven a situación nalgúns centros escolares.

Se ben é moi certo que o profesorado foi escasísimamente consultado cando se delineou a reforma educativa e isto pode explicar en grande parte a súa descompenetración con ela, o certo é que, posta esta en práctica, resulta imprescindible que o profesorado se entregue decididamente á súa aplicación, depoñendo actitudes de resistencia e descompromiso. As necesidades do alumnado afectado non poden admitir inhibicións ou posturas reticentes. Neste sentido tamén a administración educativa debe coidar moi especialmente que o labor formativo e actualizador do profesorado sexa máis eficaz e que poida realizarse sen que o profesor teña que poñelo todo da súa parte.

En relación con estes obxectivos o Consello Escolar de Galicia considera que deberan dispoñerse mecanismos institucionais que contribúan a crear situacións de mutua complementación formativa entre o profesorado de primaria e o de secundaria coincidentes nos centros de educación secundaria obrigatoria, rematando coa separación funcional e coa incomunicación que nestes momentos parece estar a producirse. Máis alá da simple convivencia interpersonal ha de darse a auténtica convivencia funcional e operativa entre profesores que comparten un mesmo labor educador.

Os problemas e os intereses persoais ou de tipo gremial, por máis respectables que sexan en si mesmos, non poden lexitimamente perturba-la realización de labores conxuntos cando estes son esixidos pola dinámica escolar en ben do centro ou, directamente, dos propios alumnos.

### **a.2.2 Existen dificultades de convivencia entre o profesorado proveniente de primaria e o de secundaria**

Un fenómeno bastante habitual nos centros escolares nos que conviven profesores/as provenientes de primaria e outros de secundaria é que a convivencia entre eles queda reducida ó mínimo. Noutros casos podería dicirse que mesmo non existe convivencia entre eles.

Cómpre tamén sinalar, de todas as formas, que noutros centros escolares se dá unha situación máis fluída e rica en interacción. Sobre todo nos centros novos creados *ex profeso* para a ESO.

A mencionada falta de convivencia vai unida en ocasións á existencia de certos prexuízos mutuos. O profesorado de primaria tende a ver ó de secundaria como moi apegado á súa disciplina e pouco flexible para atender ás necesidades dos alumnos que ten en fronte. O profesorado de secundaria ve ó de primaria como moi habituado a traballar con nenos e por tanto excesivamente directivo e, ás veces, infantil nas propostas formativas que fai e na forma de levallas a cabo. Nalgún caso mencionouse tamén, a existencia dunha certa frustración por parte do profesorado de secundaria que esperaba que o de primaria lles proporcionará un mellor coñecemento da LOXSE e algún tipo de ideas para afrontar con éxito a problemática da diversidade, etc. Pero que atoparon cun profesorado en situación bastante parecida á súa (escaso coñecemento e recoñecemento das ideas da LOXSE) e, ás veces, con algúns vicios (formas autoritarias, inflexibilidade nas propostas didácticas, etc) que mesmo resultaban sorprendentes incluso na secundaria.

De todos os xeitos, e deixando á marxe cuestións que poden afectar casos concretos ou preconceptos dalgunhas persoas, o que resulta especialmente destacable é a dificultade para levar a cabo unha convivencia non só cordial (que normalmente é) senón tamén mutuamente enriquecedora entre o profesorado de primaria e o de secundaria actualmente comprometido na tarefa compartida de levar adiante a secundaria obrigatoria.

### **a.2.3 Falta de hábito no traballo educativo con alumnos das características dos da ESO**

Na consideración común dos orientadores consultados os principais problemas de convivencia nos centros escolares están vinculados, directa ou indirectamente, á falta de experiencia no trato educativo de rapaces e rapazas coas características dos que na actualidade cursan a ESO: é dicir, unha poboación non seleccionada e con características paralelas ás da sociedade en xeral.

A tradicional bifurcación (ou mellor aínda trifurcación) do itinerario escolar do alumnado que provén do ensino primario (bacharelato para os mellores, formación profesional para os menos estudiosos ou máis problemáticos a outros niveis, e abandono escolar para os máis conflictivos persoal ou socialmente) deixa paso a un itinerario único e común para todos que obriga a reestructurar as ideas e as prácticas dos profesores.

A triple perspectiva do cambio (no que se refire ás ideas políticas ou sociais subxacentes a esta nova organización do sistema, no que se refire ós novos criterios pedagóxicos sobre qué supón educar e qué aspectos teñen prioridade nesa función, e as novas técnicas didácticas que o capaciten para afrontar os retos indubidables que a nova situación xera nas clases) non é sempre doado de asumir. Con frecuencia prodúcense fallas nunha ou noutra delas e, ás veces, incluso nas tres.

Iso fai difícil valorar dun xeito simplista unha situación complexa dabondo: as relacións entre profesores e alumnos da secundaria. Dicar que son problemáticas, non pasaría de ser unha constatación do evidente (e do inevitable). Tentar entrar a diagnosticar cáles son eses problemas resulta moito máis complexo e dificultoso. No apartado seguinte (ó falar dos alumnos) tentaremos indicar algúns puntos de reflexión ó respecto.

A constatación para facer neste punto non é outra que salientar as grandes dificultades que moitos profesores/as están tendo, nestes primeiros anos de xeneralización da ESO, para adaptarse ás particulares características do novo alumnado (alomenos de parte deste alumnado) que deben atender: a falta de coñecementos previos suficientes, a falta de motivación, as difíciles expectativas académicas e a problemática de todo tipo (persoal, social, cultural) etc. marcan unhas circunstancias ás que o profesorado de secundaria non estaba habituado. E tampouco o de primaria (que aínda que estivese máis afeito a manexarse nun contexto de diversidade facíao con nenos pequenos e non con adolescentes).

#### **a.2.4 Os problemas cos alumnos acaban afectando tamén as relacións entre profesores e as dos profesores coa dirección**

Unha constatación importante neste aspecto é a tendencia dos problemas a ampliarse como unha mancha de aceite e a ir afectando os diversos colectivos que se ven implicados neles. Neste caso a aparición de problemas cos alumnos ou entre os alumnos ten levado á creación de problemas entre profesores ou entre profesores e a dirección.

A aparición de problemas rompe, dalgún xeito, a tendencia á inhibición da que falabamos no punto anterior. As persoas non poden quedar inhibidas (almenos non resulta tan fácil manterse á marxe) e aí comezan a aparecer novas circunstancias que xeran conflitos:

- Diversas ideas e perspectivas sobre a convivencia. O posicionamento dos profesores sobre a convivencia e as normas que deben rexela nos centros escolares varía moito duns profesores a outros. De aí que cando se trata de aplicar criterios de corrección ou de aplicar medidas (sancionadoras, de recuperación, etc.) esas diferencias fanse especialmente evidentes e enfrontadas.
- A diferente dispoñibilidade persoal para entrar nunha liña de acción conxunta que afecte tanto a temas de convivencia como a asuntos de desenvolvemento curricular en xeral (dende o proxecto educativo e curricular, ata o regulamento de réxime interior).
- A particular sensibilidade cara ás circunstancias persoais dos alumnos e a problemática xerada pola diversidade entre eles. Na medida en que dar resposta á diversidade afecta non só a aspectos didácticos (flexibilización do currículo e incorporación de itinerarios formativos alternativos tanto no conxunto da institución como no seo de cada disciplina) senón tamén ás características persoais dos profesores/as (sensibilidade persoal, dispoñibilidade didáctica, capacidade de empatía, etc.)

Estes aspectos e outros que poderían mencionarse afectan dun xeito importante o estilo de convivencia que se vai xerando nos centros educativos. Isto é, a tendencia a inhibirse e deixar que as responsabilidades (sobre todo as máis complicadas) recaian sobre o equipo directivo queda, en certa maneira, contrarrestada pola necesidade de ter que dar resposta ós conflitos xerados polos alumnos ou en relación con eles. Nese sentido, a problemática cos alumnos acaba afectando tamén os profesores.

### **a.2.5 Outra fonte de problemas aparece cando se pretende facer algún tipo de traballo conxunto**

Outra constatación dos orientadores/as é que os problemas entre o profesorado e co profesorado teñen moito que ver coas situacións nas que se pretende facer un traballo conxunto. E máis aínda se ese traballo ten que ver con cuestións realmente substantivas para o bo funcionamento do centro no seu conxunto (isto é, cando é preciso introducir cambios ou reaxustes que melloren a calidade da acción educativa do centro).

Mentres a dinámica de funcionamento do centro se mantén nos parámetros do modelo convencional (acción individual de cada profesor na súa clase e cos seus alumnos), as cousas non resultan especialmente problemáticas. Pero cando por algún motivo (por presión da admón. educativa que esixe a configuración de certos proxectos, ou a presión dos pais, ou a presión de grupos de profesores ou de alumnos, etc.) se fai necesario iniciar unha actividade conxunta é cando comezan a producirse tensións e, ás veces, incluso conflitos importantes, case sempre vinculados máis a intereses particulares (de horarios, distribución de poder, etc.) que a auténticas diverxencias de criterios pedagóxicos.

Curiosamente, sinalan algúns orientadores, as cousas funcionan moito máis sosegadamente (e mesmo chega a acadarse un nivel de cooperación aceptable) cando o que está en discusión é a planificación ou posta en marcha de iniciativas didácticas que teñen a súa expresión en actividades externas e que visiten ben cara á galería: a festa do magosto, unha saída de estudio, un certame literario, etc. Pero teñen moitos máis problemas cando a actividade que se vai desenvolver implica máis unha acción cara adentro da institución e obriga a reconsiderar algúns dos criterios de funcionamento existentes: o proxecto de centro, a reestablecer dun novo modelo de avaliación, novas modalidades de coordinación, etc. Nestes casos, que esixen un compromiso persoal máis forte, as dificultades incrementan e os conflitos resultan máis evidentes (incluídas aquelas formas de oposición que foxen cara á simple inhibición e descompromiso).

En resumidas contas, poderíamos dicir que só en parte os conflitos de convivencia entre profesores teñen que ver coa nova situación creada pola LOXSE e pola aparición dunha problemática diferente e máis intensa por parte do alumnado. Aínda que esa modificación do escenario tradicional de ensino, especialmente na secundaria, trae consigo a aparición de novos e máis complexos problemas, a maior parte dos conflitos aparecidos entre os profesores

teñen que ver con modificacións na intervención educativa (que deberían facerse tanto coa ESO como sen ela): coordinación, traballo educativo no marco dun proxecto institucional global, atención á diversidade dos alumnos, flexibilización curricular, etc.

A recorrencia frecuente a que os problemas están nos alumnos e na súa problemática, con ser certo, non deixa de ser unha forma de botar balóns fóra do terreo máis estrictamente profesional do profesorado que é onde se están a producir os principais cambios, os que producen maior nivel de resistencias e ós que van vinculadas, directa ou indirectamente, a maior parte dos conflitos de convivencia entre profesores.

Aínda que cambiasen os alumnos das nosas clases e todos eles se convertesen, por arte de maxia, en magníficos e motivados estudantes, non por iso desaparecerían as dificultades para coordinarse, para levar a cabo un tipo de educación rica, flexible e adaptada, e para facelo dun xeito institucional, isto é no marco dun proxecto formativo que vincule a toda a institución.

### **B) OPINIÓNS DOS ORIENTADORES/AS SOBRE OS PROBLEMAS DE CONVIVENCIA NO ALUMNADO**

Resulta difícil este intento de considerar separadamente a problemática da convivencia no que afecta ó profesorado e no que afecta ó alumnado. Pero parece sensato facelo así para comprender mellor as características da convivencia nos centros escolares.

Os orientadores e orientadoras participantes na sesión de traballo que estamos a resumir achegaron moitos datos sobre a situación da convivencia nos seus centros no que se refire ó alumnado. Para lles dar unha certa unidade e lóxica a esas informacións parciais imos organizalas en 5 apartados e unha consideración final:

- b.1: Os problemas de convivencia vinculados á ESO
- b.2: Os problemas de convivencia vinculados ós repetidores
- b.3: Os problemas de convivencia vinculados ás condicións sociais ou económicas
- b.4: O absentismo como problema
- b.5: Dificultades relacionadas coas medidas que se van adoptar.



Como pode constatarase, boa parte destas consideracións teñen que ver preferentemente con alumnos e alumnas da secundaria. Esa circunstancia está vinculada ó feito de que a selección dos orientadores se fixo precisamente tomando en consideración sobre todo a especial relevancia que a convivencia adquire nos centros de secundaria. Os orientadores situados en centros de primaria presentes na reunión, aínda que mencionaron tamén a existencia dalgúns problemas de convivencia vinculados ó alumnado non lle prestaron unha especial relevancia. Posición ben diferente á adoptada polos orientadores/as en centros de secundaria (nos seus diversos tipos) que insistiron na existencia de problemas, ás veces serios, de convivencia relacionada coas circunstancias que a continuación pasamos a describir resumidamente.

### **b.1: Os problemas de convivencia vinculados á ESO**

Como resulta previsible supoñer (por razón de idade, de circunstancias persoais e sociais, de progresivo nivel de esixencia académica, etc.), os alumnos e alumnas da ESO constitúen un dos grupos máis vulnerables ós problemas de convivencia nos centros escolares. O feito de terse alongado o período de escolaridade obrigatoria e de manterse a liña única de escolarización (rompendo coa anterior bifurcación entre o BUP e a FP) sitúa as institucións escolares e os profesores ante o reto de lles ter que facer unha oferta educativa atraente a alumnos de 15-17 anos que non sempre están especialmente motivados nin aceptan de bo grao ter que continuar na escola.

As circunstancias mencionadas polos orientadores con respecto a este grupo de alumnos aludían sobre todo ós seguintes aspectos:

- ◆ Que se trata de alumnos que con frecuencia acadan idades de 16-17 anos e que se atopan desmotivados en relación coa escola e co que a escola lles ofrece. Iso lévaos a *pasar* de todo e, ás veces, a desenvolver conductas conflictivas (ben no seu sentido de accións inapropiadas, ben como simple resistencia pasiva e de negación a facer as cousas).
- ◆ Que mesmo esa diferenza de idade que se vai ampliando con respecto ó resto dos compañeiros de curso e de centro educativo lévaos a manter unha actitude de prepotencia e dominio dos máis pequenos (sobre todo cando son eles os maiores do centro). Nese contexto non resultan infrecuentes as conductas de abuso ós alumnos máis pequenos.

- ◆ Que, polo menos ata agora, os problemas máis frecuentes vanse presentando en 3º da ESO. Ese curso vaise saturando de alumnos repetidores que proveñen tanto do BUP como da propia ESO.

*Os orientadores informaron a este respecto de situacións especialmente problemáticas: clases nas que podería haber ata 18 repetidores (case o 50 % dos alumnos). No apartado seguinte analizaremos máis detidamente a problemática que xera esta situación.*

- ◆ Que as particulares características desta idade (sobre todo no que se refire á configuración de grupos de amigos e mesmo de pandillas) crea tamén problemas de relación, sobre todo nos patios. En ocasións non só tentan resolver os seus conflitos a través de enfrontamentos entre grupos nos patios senón que acoden no seu apoio persoas alleas ó centro escolar (outros mozos ou mozas que veñen a apoiar ós seus “colegas” do centro escolar).
- ◆ Que en moitos casos se trata de alumnos que non desexan continuar a escolaridade e que adoptan, sobre todo durante a segunda parte da ESO, unha actitude de espera resignada. Algún dos orientadores sinala que no seu centro teñen calculado que un 25 % dos alumnos do segundo ciclo da ESO están alí porque lles obrigan.

Todas estas circunstancias fan especialmente problemático este nivel da escolaridade no que se mestura a dobre circunstancia do especial da súa novidade como etapa educativa (o que trae como consecuencia que nin as institucións nin o profesorado estea aínda afeito a afrontar as especiais demandas que presenta) e das particulares características (en idade, condicións escolares, pertenza social, etc.) dos alumnos e alumnas que forman parte dela.

Esa combinación de factores institucionais e persoais fan desta etapa educativa un momento especialmente vulnerable ós conflitos de convivencia e ó fracaso escolar. De todos os xeitos, a etapa ESO, na experiencia dos orientadores, non resulta tan problemática nin cando está situada en centros especificamente organizados para atendela (centros novos de secundaria) nin tampouco cando ese grupo de alumnos están integrados en grupos máis amplos de rapaces ben integrados escolarmente (é o que acontece nalgúns antigos institutos nos que o grupo da ESO resulta minoritario con respecto á poboación xeral de alumnos do centro).

Á hora de valorar, estimular e, sobre todo, de facilita-lo labor do profesorado a administración educativa e a sociedade en xeral teñen que ter moi en conta as novas situacións problemáticas que se crean nos centros como consecuencia da xeneralización da implantación da ESO.

Están a crearse sectores cada vez máis nutridos de escolares que, máis alá incluso das idades normais da escolarización obrigatoria, poden asistir ó centro autorizado polas normativas vixentes pero en actitude de total desmotivación e desinterese, e que decote tentan facer reverter sobre os centros e as persoas que están neles as súas frustracións e os seus amargueiros. Os centros son considerados unha institución hostil por contrarios ó que son, neses momentos, os intereses deses alumnos.

Estes sectores do alumnado constitúen un potencial conflictivo que se irá deixando sentir dramaticamente nos próximos anos e que só poderá ser enfrontado desde condicións infraestructurais e organizativas adecuadas: instalacións, ratios que fagan posible o trato persoal, profesorado de apoio, adaptacións curriculares adecuadas, recuperacións efectivas e, en suma, incremento de medios persoais e materiais.

## **b.2: Os problemas de convivencia vinculados ós repetidores**

Outra fonte de problemas de convivencia, que ás veces vén solapada á anterior, é a que se refire ó grupo de alumnos repetidores. Os repetidores, sobre todo cando son repetidores reincidentes, viven unha experiencia persoal e grupal moi difícil e pouco propicia para facilitar modalidades de adaptación tranquila ás esixencias das institucións escolares. Sobre todo cando a oferta educativa segue a ser *máis do mesmo* (isto é, máis daquilo no que xa fracasaron con anterioridade).

Con respecto á problemática da convivencia vinculada ós alumnos e alumnas repetidores, os orientadores fan unha serie de consideracións que teñen que ver coa mentalidade e as actitudes deste grupo de alumnos. En especial pagaría a pena tomar en consideración os seguintes aspectos:

- ◆ As consecuencias negativas dunha forte acumulación de repetidores en certas clases que coinciden, en parte, cos cursos do segundo ciclo da ESO (sobre todo menciónase o curso de 3º).

*Como salientabamos no apartado anterior faise referencia a clases cunha presenza masiva de repetidores (que superan, ás veces, os alumnos que van seguindo o seu curso natural).*

- ◆ A presenza dun colectivo grande de repetidores introduce variables dificilmente controlables por parte dos profesores tanto no terreo do ensino como no da disciplina e clima da clase:

- *Unha grande heteroxeneidade no nivel de aprendizaxes curriculares*
- *Unha deterioración da motivación debido ás dificultades que supón para eles “enganchar” con traballo desenvolvido na clase (contidos paraa estudar, actividades e traballos, etc.). Non logran seguir ó profesor.*
- *Un estilo de adaptación que cando non é apático (por falta de interese e implicación, coma se todo aquilo non fora con eles) é orixe frecuente de problemas de convivencia (molestar ós outros que traballan, conductas destinadas a chamar a atención, desafío ás normas da clase, etc.).*

◆ Con frecuencia, o status de repetidor/a acaba introducándose na mentalidade dos alumnos ata configurar unha forma de ver a escola, os profesores e, ás veces, os propios compañeiros como inimigos e, en todo caso, como “alleos”:

- *Alumnos “aparcados” que só están á espera de cumprir os 16 anos para deixar os estudos e poñerse a traballar.*
- *Alumnos sen expectativas nos estudos e cun autoconcepto persoal como alguén que non é capaz de afrontar satisfactoriamente as tarefas escolares.*
- *Alumnos que tentan transformar as propias frustracións no mundo escolar cunha imposición do seu poder noutros terreos (pandillismo, configuración de ghetsos, abuso dos menores ou iguais, etc.).*

### **b.3: Os problemas de convivencia vinculados ós grupos marxinais**

Algúns orientadores sinalan que nos seus centros parte dos problemas de convivencia están relacionados coa presenza nel de grupos de alumnos que proveñan de grupos sociais marxinais e que non sempre se adaptan nin se identifican co centro escolar e co traballo formativo que nel se leva a cabo. Obviamente iso non quere dicir que os problemas teñan a súa causa nesta circunstancia; non é que os alumnos de grupos marxinais sexan por selo máis problemáticos. O problema, case sempre, é de adaptación mutua entre a escola e eses grupos de alumnos.

Nese sentido, as circunstancias salientadas polos orientadores fan mención a centros nos que se produce:

- ◆ A presenza de alumnos/as cunha forte problemática económica nas súas casas, o que acaban afectando a súa dispoñibilidade para o estudo (tanto no que se refire á motivación como á posesión de recursos).

*Con frecuencia, os centros escolares carecen de experiencia e de recursos para poder axudar estes alumnos. Por outra banda, tampouco sería fácil levar a cabo esa axuda compensatoria dende o centro escolar pois iso podería supoñer unha nova discriminación e unha maior deterioración da imaxe social deste colectivo (que se sentiría, ós propios ollos e ós ollos dos demais, como mendicante e “pobre”).*

- ◆ A presenza de alumnos orixinarios de grupos sociais, culturais ou relixiosos diferentes. Nestes casos é frecuente que os alumnos do grupo minoritario acaben constituíndo ghettos e grupos pechados con escasa relación co grupo maioritario. Tamén neste caso as causas do illamento son atribuíbles a ambos os grupos.

*Sinálase a este respecto como, en ocasións, a chegada dun novo grupo ó centro escolar crea un novo círculo de coalicións entre este novo grupo e o grupo minoritario. Isto é, os novos en lugar de integrarse no grupo maioritario acaban facendo “piña” cos grupos minoritarios e reforzando a marxinação destes.*

En todo caso, e aínda que é de xustiza recoñecer os grandes esforzos que se están a levar a cabo en moitos centros escolares situados en zonas marginais e/ou zonas de mestura de razas e culturas, queda moito camiño por percorrer no que se refire á convivencia entre eses grupos diversos. A simple presenza, sempre escasa, dalgún profesor de apoio, resulta insuficiente e había que dotar as escolas de maiores recursos e facilitar iniciativas novidasas para poder afrontar máis radicalmente esta problemática.

#### **b.4: Os problemas de convivencia relacionados co absentismo**

Un dos problemas máis mencionados polos orientadores (que recollen deste xeito o pensar das institucións nas que traballan) está referido ás faltas de asistencia. Na consideración dos orientadores tanto as institucións coma os profesores atópanse practicamente inermes ante este problema. Tampouco están dispostos a facer de policía destinados ó control dos seus alumnos que deben aprender a autorregulamentarse e aceptar os compromisos que asumen coa institución que os forma.

Por outra banda, en moitas ocasións, os alumnos achegan xustificacións, de dubidosa natureza, sobre as súas ausencias. As institucións carecen de posibilidades e de motivación para entrar en máis profundas averiguacións.

#### **b.5: O difícil problema de atopar medidas que sexan xustas, pertinentes e viables**

Ben entendido que resulta difícil poder evitar en todos os casos o ter que acudir ás medidas disciplinarias que garantan o mantemento da convivencia,

un dos principais problemas das institucións, na percepción dos orientadores, é o que se refire á adopción de medidas axeitadas.

As consideracións que os orientadores fan con respecto a este punto poderían resumirse nos seguintes aspectos:

- Principal problema é que existe un moi limitado espectro de medidas que se adopta: expulsión total ou parcial do centro escolar, amoestacións, avisos ós pais, e pouco máis. Ó final acaban facéndose repetitivas e carecen de capacidade de influencia positiva sobre os afectados.
- Nese sentido, resulta moi difícil (en moitos casos por unha especie de pudor institucional, ou por non querer meterse en líos, ou por un especial respecto pola liberdade individual, ou pola existencia dunha ampla franxa borrosa entre o permisible e o que non o é) establecer medidas preventivas que tenten aliviar os problemas antes de que estes adquiren proporcións máis difíciles de atallar.
- Sen embargo, os partes de incidencias vanse multiplicando nalgúns centros. Motivados por conductas ou situacións que son moi heteroxéneas e ás veces de difícil catalogación (o que os titores consideran falta mencionable nun parte varía moitísimo duns a outros), o que fai máis difícil manter unha liña homoxénea de actuación.

*Na consideración dalgúns titores reciben a mesma consideración de “falta” mencionable no correspondente “parte de incidencias” tanto o falar na clase coma pelexas entre compañeiros, como non levar o material escolar, como faltar ó respecto.*

*Nalgún dos centros fan de máis de 200 partes de incidencia no primeiro trimestre do curso, o que lles supuxo case 30 reunións da Comisión de Convivencia (dado que cando se acumulan varios partes trátase o tema nesta comisión) e varios consellos escolares.*

- E unido a todo isto está a circunstancia de que na maior parte dos casos os alumnos sometidos a medidas disciplinarias repítense unha e outra vez. A reincidencia, á parte de que “marca” socialmente os alumnos/as afectados vai consolidando neles unha especie de “círculo vicioso” e un sentimento de “desamparo aprendido” (tanto ten o que eu faga pois ó final o castigado sempre son eu).

Pero unha parte importante do problema con respecto ás medidas é que o principal desexo de moitos profesores/as (unhas veces expresado publica-

mente e as máis delas sentido no interior de cada un) é que lles quiten de enriba os alumnos molestos ou que lles complican a dinámica diaria da clase. Máis que buscar medidas (no tipo de traballo, na organización das clases, nas formas de relación, etc.) que poidan aliviar as dificultades de adaptación dos alumnos, o que lles gustaría é que eses alumnos pasaran a unha situación especial e que foran atendidos por un especialista.

### **C) PROPOSTAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES**

Unha vez revisados algúns dos problemas que na opinión dos orientadores participantes neste estudo afectan a convivencia nos centros escolares, pasamos a tomar en consideración as súas propostas sobre a mellora do clima relacional. Tamén neste caso abordamos por separado os aspectos referibles ó profesorado e os que fan relación co alumnado.

A pregunta, neste caso é dobre: ¿que se podería facer para mellorar a convivencia nos centros escolares entre os profesores e entre os alumnos?; e máis en concreto, ¿qué poderían facer os orientadores/as neste sentido?

#### **C.1 Mellorar a convivencia no profesorado**

Como podía supoñerse á luz dos comentarios feitos nos apartados anteriores, os orientadores/as conceden especial importancia cara á convivencia non só as cuestións relacionadas directamente co trato mutuo entre profesores, entre alumnos ou entre ambos, senón tamén as cuestións que teñen que ver co funcionamento ordinario dos centros e que son as que crean o clima básico no que, ben se fortifica, ben se fai vulnerable a convivencia.

Os comentarios e observacións dos orientadores cara á mellora da convivencia nos centros poderían resumirse, no que se refire ó profesorado, nos seguintes puntos:

#### **a) Aspectos persoais que condicionan a convivencia**

- a.1) Resulta evidente que as *características e trazos persoais* dos profesores condicionarán a forma de trato que se estableza entre eles.

Pero ó tratarse de elementos imprevisibles e, en certa medida, inmodificables (alomenos cos recursos dos que dispoñen os centros educativos) ten pouco sentido dedicar moito tempo a eles. Sempre é posible a incorporación a un equipo de profesores dalgunha persoa especialmente irascible ou conflictiva polas súas características persoais. E sempre estarán presentes conflitos xurdidos do cambio de humor, dos roces persoais ou das particulares presións dos acontecementos do día a día. Nese sentido a vida do grupo de profesores non se diferencia moito das dinámicas dos outros grupos nin son evitables os conflitos habituais neles.

*Posiblemente non sería tampouco bo que así fose. Só os grupos excesivamente formalizados e burocráticos, sen case interacción entre os membros, poden salvarse de ter conflitos. Esa idea que repetían algúns dos orientadores ó facer análise da situación no seu centro escolar ( non hai conflitos de convivencia porque non hai convivencia) resulta, sen dúbida, máis problemática que a existencia de conflitos consecuencia dunha convivencia intensa.*

a.2) Máis importante parece a consideración de que o que si resulta preciso é entrar a *modificar certos estereotipos* que dificultan a relación entre profesores pertencentes a diversos colectivos profesionais: nomeadamente profesores de primaria e de secundaria (ou o antigo BUP) que traballan xuntos na ESO.

En bastantes casos teñen observado os orientadores unha grande ausencia de relacións entre eles que podería estar alimentada pola existencia de estereotipos que empobrecen a visión mutua:

- Os profesores/as de primaria son vistos polos de secundaria como tendentes a facer un tipo de ensino máis infantilizado, tratando ós alumnos como nenos.
- Pola contra os profesores/as de secundaria tenden a ser vistos como excesivamente pagados de si mesmos, moi apegados ós seus coñecementos e pouco dispoñibles para atender as dificultades dos alumnos ós que tratarían prematuramente como adultos.

Romper os estereotipos vixentes en relación co profesorado de primaria e de secundaria resulta unha tarefa importante, sobre todo na ESO onde ambos os dous grupos de profesores deben traballar xuntos. Nese sen-



tido a diversidade non debería actuar como un factor de disgregación e inco-municación senón como unha posibilidade de complementación mutua. Cada un dos grupos pode achegarlle ó conxunto unha experiencia diversa pero que constitúe unha dimensión necesaria para poder levar a cabo a función educativa na ESO en mellores condicións:

- O profesorado de primaria accede á secundaria con máis experien-cia no traballo con alumnos moi diversos entre si e ós que tiveron que axudar mesmo no establecemento de competencias e coñece-mentos básicos.
- O profesorado de BUP achega a esta nova etapa a súa ampla expe-riencia no desenvolvemento de situacións de aprendizaxe máis espe-cializadas e centradas nas disciplinas, no manexo de laboratorios e na xestión dos problemas habituais nos adolescentes.

Aínda que ás veces esta diferenciación de calidades entre un grupo de profesores e outro resulta tamén un estereotipo (porque resulta que nin os de primaria son como se supón que deberían ser nin os de secundaria res-ponden ó patrón previsto), a cuestión está en saber entender as diferencias, se as houbese, como algo positivo e integralas na configuración dunha diná-mica de traballo conxunto.

## **b) Aspectos estruturais que condicionan a convivencia**

Certos aspectos estruturais están tamén na base dos posibles proble-mas de convivencia nos centros escolares e constitúen aspectos para revisar nese intento de procura de melloras. Os comentarios dos orientadores refírense espe-cialmente a dous: o tamaño dos centros e a inserción no seu contorno.

### **b.1) O tamaño das institucións**

A teoría das organizacións xa sinala con claridade que o seu tamaño é unha das variables que máis afectan a relación entre os seus membros. Esta idea foi repetida tamén polos orientadores: os centros máis masificados fan difícil unha relación persoal rica e integrada entre o profesorado.

Neses casos as persoas pasan case desapercibidas, as relacións fanse máis formais (baseadas sobre todo na función ou tarefa que cada un desempeña) e existe máis posibilidade de formación de subgrupos máis ou menos pechados.

Polo xeral, os orientadores situados en centros máis pequenos valoraban mellor a convivencia existente nos seus centros (como máis familiar e cordial, con menos conflitos) do que o facían os orientadores/as de centros grandes.

*Curiosamente esta é unha conclusión que tamén aparece nos cuestionarios pasados ós 4 grandes colectivos que conforman a comunidade escolar: directores, profesores, alumnos e pais. Todos eles mencionan a idea de que a convivencia melloraría sensiblemente se se establecesen centros educativos menos masificados. Pode verse a este respecto a análise dos datos cruzados deses colectivos neste mesmo informe.*

Cómpre engadir, neste mesmo sentido, a idea de que cando os orientadores se refiren á masificación fan referencia ó tamaño xeral dos centros. Pero nalgúns casos matizan, tamén, que a masificación, ás veces, se produce sobre todo nas aulas (demasiados alumnos e demasiado diversos para poder ser atendidos por un só profesor/a).

O Consello Escolar de Galicia considera que a Administración debe ter moi en conta que hai aspectos estruturais e organizativos que poden en por si contribuír de forma decisiva a mellora-la convivencia. Estes aspectos teñen normalmente moito que ver co tamaño das institucións (os centros moi grandes non facilitan en nada a convivencia, sobre todo entre o profesorado), a inserción dos centros no contorno e a do profesorado na vida da localidade, a estabilidade dos cadros, que faga posible programar a medio e a longo prazo, máis alá de inmediatez das provisionalidades, etc.

É preciso, por outra banda, rematar coa rixidez na estrutura institucional nos centros escolares, arbitrando a posibilidade de que neles haxa outro tipo de profesionais que non sexan exclusivamente os profesores.

Sería moi conveniente, en ocasións, a actuación de profesionais do traballo social, en disposición de visitar as familias e coñecer de forma directa as súas necesidades, tanto económicas como culturais, necesidades que están frecuentemente na raíz de moitos dos problemas de convivencia que os alumnos suscitan no centro.

Tamén se bota de menos a actuación máis frecuente nos centros de persoal procedente do ámbito da saúde, que oriente sobre problemas hixiénico-sanitarios, de consumo, drogas, etc.

Hai, por último, aspectos organizativos en que cabería introducir grandes melloras: o reforzamento da acción titorial, tanto no que ten a función específica que van realizar determinados profesores, como no que ten de acción de tipo xeral que todo profesor ha de exercer como formando parte da actividade docente e educadora.

Neste mesmo sentido vese a conveniencia de asumir a proposta dos autores do informe básico de configurar equipos docentes interciclos, mesmo intensificando nesta dirección a acción dos departamentos das distintas disciplinas que se imparten no centro, ata conseguir supera-la atomización e o illamento da actividade docente organizada exclusivamente arredor da clase.

Este sería un dos procedementos que podería contribuír de forma decisiva á creación e fortalecemento dunha cultura de cooperación. O profesorado proveniente da tradicional secundaria vive preponderantemente apegado ó esquema funcional da “súa clase”, na que se resiste a admitir intromisións, e, por outra banda, o profesorado da primaria segue tamén, en grande parte, dentro da clase os patróns operativos que vixían nas antigas unidades escolares illadas. As novas xeracións en termos xerais parecen adaptarse mellor ós vellos esquemas que á perspectiva do conxunto colexial cooperante e participativo, quizais influídas tamén pola perspectiva do que veu sendo a ensinanza secundaria.

#### b.2) A inserción no contorno

Outro aspecto ó que resultan especialmente sensibles os orientadores/as é a inserción dos centros escolares no seu contorno.

O feito de vivir lonxe do centro no que traballan condiciona moito a calidade das relacións entre o profesorado. Ter que desprazarse diariamente somete as persoas a un continuado estrés persoal e a unha certa presión psicolóxica que os leva a apresurar as cousas e mesmo a prescindir delas por mor de non atrasar o regreso ó seu punto de destino. Deste xeito complicase enormemente a posibilidade de facer reunións ou de dispoñer de tempo para calquera outro tipo de actividade colectiva.

As experiencias, nalgúns centros, en relación coa elaboración do PEC ou do Plan de acción tutorial foron bastante frustrantes, mesmo aínda que se fixeran contando cos tempos que forman parte da dedicación obrigada ó centro. Moitas persoas non se implicaron no proceso porque preferían marchar ou estaban sempre pendentes de facelo o antes posible.

En todo caso, non se ve unha fácil solución a este problema.

### b.3) A *estabilidade* do profesorado

Outro dos aspectos mencionados repetidamente refírese á estabilidade do profesorado dos centros. Nalgúns deles a porcentaxe de interinos é moi elevada o que impide establecer unhas liñas de acción que teñan consistencia e duración. As actuacións fanse sempre a “curto prazo” e mesmo así, algúns dos interinos/as carecen da motivación necesaria para implicarse nun tipo de proposta que saben deberán deixar no próximo curso.

### b.4) A *incorporación* doutros axentes sociais ás institucións educativas

A grande rixidez da estrutura institucional dos centros escolares impide, ás veces, poder completar os equipos docentes con outro tipo de profesionais que, nembregantes, resultarían moi necesarios para levar a cabo unha acción educacional coherente e eficaz.

Os orientadores/as botan en falta, nalgúns casos, a presenza de profesionais do Traballo Social que estean en disposición de afrontar a tarefa de visitar as familias e coñecer máis de preto as necesidades (económicas, culturais, de apoio básico) que algunhas delas precisan buscándolles a solución que corresponda. Son conscientes de que moitos problemas dos alumnos/as teñen unha forte raíz socioeconómica que nin eles nin os profesores están en condicións de abordar. Algunhas das experiencias postas en marcha na actualidade foron valoradas moi positivamente.

Outros profesionais que nalgúns casos resultan importantes son os pertencentes ó ámbito da saúde. Nestes casos a súa incorporación ós centros escolares pode ser parcial ou vinculada a programas específicos (de hixiene bucal, de alimentación e consumo, de drogas e substancias nocivas, etc.). A credibilidade que poden proporcionar estes profesionais, xunto ós coñecementos e técnicas de diagnóstico e terapéuticas de que son portadores, darían pé a programas máis serios e eficaces en todos estes campos.

A relación destes temas coa convivencia pode non resultar excesivamente obvio. Pero, na idea dos orientadores, o problema da convivencia ten moito que ver coa dinámica xeral dos centros e dos equipos de persoas que traballen neles. Canto máis completa e polivalente sexa esa acción en mellores condicións están as institucións para lles facer fronte ós eventuais problemas, de convivencia ou doutro tipo, que deban encarar.

### **c) Aspectos organizativos que poderían mellorar a convivencia**

Tres aspectos foron mencionados que teñen que ver con esta categoría do “organizativo”: o reforzamento dos dptos. como unidades organizativas interciclos; o reforzamento da acción titorial e o “cumprimento da lei”.

En poucas palabras, esas ideas teñen o seguinte contido:

#### **c.1) Os dptos. e as as unidades ou equipos docentes interciclos**

A idea fundamental que propoñen os orientadores/as é que resulta preciso reforzar estruturas organizativas capaces de quebrar o illamento da actividade que se leva a cabo nos centros escolares e que polo xeral está moi atomizada.

Nese sentido os departamentos poden ser unha peza de particular importancia como forma de integrar a actuación de profesores pertencentes a diversos cursos e niveis. Os conflitos que poidan xurdir nestes contextos (relacionados co traballo que se vai facer e coas dificultades para coordinarse) resultan manexables e interesantes. Os profesores estímulanse mutuamente e o traballo adquire características máis participativas.

#### **c.2) Reforzar a acción titorial**

Unha das ideas que manexaron os orientadores/as como potenciadoras dun clima de convivencia máis harmónico é a que se refire á importancia das titorías. As titorías no seu dobre sentido: as titorías como o papel ou función especializada que algúns profesores/as deben exercer sobre os grupos que lles encomendan, pero tamén a titoría como función básica do traballo docente que han realizar todos os profesores (no sentido da función de guía e apoio que todo profesor lles debe prestar ós seus alumnos).

Nalgúns casos parecía defenderse a idea dunha maior profesionalización desa función, alomenos no que se refire a unha maior preparación dos titores/as para poder desenvolver esa tarefa con maiores garantías. Noutros, parecía preferible insistir na función titorial de todo os profesores, insistir na necesidades de traspasar a súa función instructiva especializada (sobre todo nos cursos da secundaria) para meterse en temas máis relacionados coas relacións interpersoais, cos problemas de adaptación persoal e do grupo e co clima xeral de traballo das súas clases.

A proposta máis consensuada con respecto ás titorías tiña que ver, en todo caso, coa necesidade dunha maior coordinación neste ámbito. Coordinación que debería afectar a todos os sectores implicados na atención e apoio ós estudantes:

- Entre os titores do mesmo ciclo e de ciclos diferentes
- Entre orientadores e titores (a proposta facía mención á importancia de manter unha reunión semanal entre orientador/a e titores para analizar a situación e planificar accións conxuntas).
- Entre os orientadores e o profesorado en xeral (para combinar mellor as temáticas que se han tratar nas sesións de traballo dos orientadores cos alumnos: esa hora que teñen adscrita nalgúns centros escolares).

En todo caso, a preocupación subxacente ás consideracións dos orientadores/as salientaba a necesidade de insistir na importancia desa dimensión do traballo educativo na procura dunha convivencia mellor.

### c.3) “Cumprir a lei ”

Na valoración da situación por parte dalgúns dos asistentes aparecía con frecuencia a referencia a que o importante en relación coa convivencia é “cumprir a lei”. Neste caso, a lei ou normativa aplicable a todas aquelas actuacións que fan referencia ó mantemento da convivencia e mais á correcta incorporación das condicións que fan posible ese propósito (máis tempo para reunións dentro do horario previsto de estancia no centro, mellor coñecemento das normas vixentes, aplicación dos criterios establecidos ás infraccións, etc.).

En xeral, concordábase en que a aplicación estricta da normativa non propicia por si mesma unha mellora cualitativa da convivencia e ás veces mesmo pode chegar a complicala (cando o equipo directivo ou os responsables propoñen algún tipo de sanción, etc.), pero pensábase que co tempo a situación queda máis clara para todos e iso favorece un estilo de actuación máis axustado ás expectativas (tanto nos profesores como nos alumnos).

c.4) Maior insistencia nunha cultura da *cooperación*

Seguramente este é o punto de maior coincidencia entre o grupo de orientadores/as consultados para elaborar este informe. Polo menos no que se refire ó profesorado faise moi necesario reforzar unha dinámica de acción institucional baseada na cooperación:

- Tempos destinados ó traballo conxunto (e empregados nese sentido de forma eficaz para que non provoquen o absentismo ou a inhibición baixo a escusa de que non serven para nada e que só se fai perder o tempo nelas).
- Resolver os problemas de xeito colectivo e non a través de decisións unilaterais.
- Facilitar e potenciar o traballo en equipo e por equipos. Darlles prioridade e pulo institucional a aquelas propostas que veñan sustentadas por diversos profesores.

Todo iso, na súa opinión, podería servir para estimular unha *cultura* máis participativa nos centros escolares e para abrir fendas, por pequenas que sexan, na actual dinámica de funcionamento moito máis asentada no traballo individual.

## **C.2 Mellorar a convivencia no alumnado**

Polo que se refire ás estratexias para mellorar a convivencia no sector do alumnado, os orientadores/as concretan tamén algunhas propostas que poden servir de “guías” orientadoras no traballo sobre o tema.

As consideracións presentadas poderían agruparse nos seguintes 7 apartados. En cada un deles incluímos as suxestións e comentarios xurdidos na reunión cos orientadores/as.

### 1) O *trato persoal* cos alumnos

Un dos principais problemas en relación coa convivencia é o do anonimato no que transcorre o seu paso polos centros escolares. E unido a el, tamén o excesivo academicismo que nutre as relacións entre profesores e alumnos (as relacións baséanse sobre todo en cuestións académicas, nas tarefas que se van realizar, nas obrigas institucionais, etc.). A vida, ás veces, queda fóra das relacións entre profesores e alumnos.

Os orientadores suxiren como primeira medida en prol da convivencia a necesidade de *falar moito con eles*. Falar tanto individualmente coma en grupo. E falar de todas aquelas cousas que poidan mobilizalos e resultar de interese para eles (como alumnos e como persoas).

### 2) Maior *flexibilidade* curricular

Facer efectiva a tan traída e levada flexibilización do currículo.

Para moitos dos alumnos, e en especial para moitos dos que teñen máis problemas no seu itinerario escolar, o grande problema para resolver é o que se refire ás esixencias curriculares. A conversión de parte do ensino secundario en obrigatorio está a ser unha enorme fonte de frustracións e problemas para todos aqueles alumnos que non están en condicións de afrontar con éxito as esixencias crecentes dos programas académicos.

Os centros escolares e os profesores carecen de experiencia neste tipo de oferta complementaria. E a administración tampouco pon os medios precisos para levar a cabo unha actuación curricular que afronte a diversidade dos alumnos con certas garantías de éxito. Pero parece bastante evidente que, mentres tanto non se teña resolvido este problema da flexibilidade curricular, estaremos ante problemas de convivencia difíciles de afrontar con simples medidas disciplinarias.

### 3) Maior apertura e diversificación metodolóxica

Nun sentido xeral, os contidos configuran unha compoñente curricular que nin sempre está nas mans das institucións poder mudar nin tampouco resultaría, de poder facelo, unha medida de impacto directo sobre a convivencia. Xustamente o contrario do que acontece coas metodoloxías didácticas: dependen dos propios centros e profesores, e teñen unha influencia inmediata sobre a dinámica de traballo e de relacións entre os suxeitos. É por iso que a metodoloxía é a grande arma coa que contan os profesores para poder intervir sobre temas de convivencia.

Con respecto á metodoloxía os orientadores fan algunhas consideracións que se refiren ás diversas dimensións do que facer docente nas aulas:

- Ser capaces de traspasar o sentido máis convencional e tradicional de “dar clase” como “explicar a lección”. Sendo a clase o principal espa-



cio de encontro entre profesores e alumnos, a acción que se desenvolve nela debe ter un sentido moito máis profundo e implicativo para ambas as partes. Non só os coñecementos, tamén as relacións interpersoais, as actividades desenvolvidas, as expectativas creadas, etc., constitúen elementos básicos do intercambio que se produce entre profesores e alumnos nas clases.

- Converter a convivencia nun contido explícito do traballo para desenvolver nas clases: a través de comentarios, análise sistemática das relacións, incorporación de métodos de traballo cooperativo (cunha revisión posterior de cómo se desenvolveu e cáles foron os problemas que xurdiron), introducción de sistemas de negociación na xestión das clases, etc.
- Estar especialmente atentos/as a aquel tipo de problemática que resulte máis frecuente ou vulnerable no seu centro: relacións de xénero entre o alumnado; maltrato ou presión entre iguais (ou dos maiores sobre os máis pequenos); presión ou marxinação sobre suxeitos pertencentes a grupos minoritarios; trato ós alumnos con algún tipo de problema ou carencia; presión sobre os alumnos con mellor expediente, etc.

Os propios orientadores/as salientan a necesidade de estar eles mesmos mellor preparados en temas metodolóxicos para poder servir de axuda e apoio ós profesores neste importante ámbito de traballo sobre a convivencia. Nalgúns casos atópanse con que carecen de coñecementos e competencias técnicas suficientes como para poder ser realmente útiles ós profesores.

#### 4) Tomar en consideración o tema da convivencia na *organización* dos grupos e actividades

Na súa experiencia ordinaria, os orientadores puideron constatar que os grupos nos que se acumulan os suxeitos máis problemáticos ou máis vulnerables resultan, a medio prazo, grupos moito máis conflictivos. Isto acontece cando van moitos repetidores xuntos, cando se xuntan suxeitos ou grupos minoritarios, etc.

Neses casos parece máis conveniente facer agrupacións máis heteroxéneas nas que a tendencia disruptiva dalgúns quede compensada coa presión normalizadora dos outros. Neses grupos, por outra banda, é máis doado que aparezan modelos de comportamento normalizado que poden actuar como patróns

de referencia para os alumnos que teñen menos asentados os seus mecanismos de adaptación.

5) O tema das *medidas disciplinarias e a normativa* sobre a convivencia

Con respecto a este punto os orientadores manifestaron varias consideracións de indubidable interese:

- A importancia de *consensuar* esas medidas tamén cos alumnos tanto no que se refire ás medidas xerais e básicas de convivencia do centro como no que se refire ás *normas de titoría* que rexerán na súa clase.

*Deste xeito pode garantirse unha maior implicación, pola súa banda, no respecto e conservación daquelas. Cúmprese, ademais, coa idea de formalos no proceso de elaboración de normas: o sentido que teñen, a filosofía na que se basean, os procedementos que se van empregar para elaboralas, sancionalas e garantir que se cumpran, etc.*

- A importancia de buscar, sobre todo, *medidas preventivas* que busquen afrontar os problemas antes de que se produzan e, polo menos, antes de que alcancen proporcións difíciles de resolver sen intervencións dramáticas.

*Esas medidas preventivas teñen moito que ver co propio sentido que se lle dea á educación. Programas de educación en valores, e programas referidos á resolución pacífica de conflitos, etc., poden proporcionarlles ferramentas ós alumnos cando eles teñan que resolver problemas dese tipo.*

- A necesidade de revisar as *medidas actuais*. Polo menos aquelas que teñen un uso maioritario nos centros: expulsións, apercibimento, avisos ós pais, etc.

*Para algúns dos orientadores/as estas medidas non están funcionando porque resultan intervencións puntuais e porque ó final acaban concentrándose sempre nos mesmos alumnos/as (o que non é senón unha clara indicación da súa ineficacia). Noutros casos, o problema destas medidas é que non son actuacións áxiles. O procedemento alóngase en exceso e ó final resultan excesivamente frías e burocráticas.*

*Outros orientadores/as, pola contra, non son tan negativos na valoración destas medidas disciplinarias. Na súa opinión si que teñen sentido e resultan positivas, sobre todo porque implican a familia: en moitos dos casos as familias non queren saber nada dos problemas que teñen ou crean os seus fillos e o feito de ter que telos na casa (por mor da expulsión por un tempo) obrígaos a ter que impli-*

*carce no problema e a participar na toma de decisións. As familias, polo menos dun xeito xeral, non son inmunes ás implicacións sociais que supón a expulsión dun fillo. Tamén son útiles este tipo de medidas, na súa opinión, xa que poder servir como punto de referencia (como “método disuasorio”) para o resto dos compañeiros.*

*En todo caso, existe a idea compartida de que sería bo revisar esas medidas e tratar de axustalas máis ó novo sentido que adquire a ESO como etapa obrigatoria e ós posibles efectos perturbadores que poden ter sobre os suxeitos máis reincidentes.*

- Nalgúns casos, resulta preciso tamén defender os alumnos implicados nalgún conflito que foi causado polo profesor/a, a familia ou a propia institución.

*Tamén é posible que os alumnos sexan as vítimas dos conflitos xerados noutros ámbitos. Sendo como é a parte débil do sistema escolar, o alumno é o máximo candidato para resultar dobremente vítima. Neses casos, que non por infrecuentes deixan de existir, é importante que alguén (equipo directivo, xefe de estudos, orientador, titor, etc.) asuma a defensa do alumno e que acuda, se fora preciso, ós mecanismos do sistema (inspección, etc.) para evitar resolucións pouco apropiadas.*

## 6) O traballo coas familias

Os orientadores/as estiman de grande importancia o traballo coas familias en todos estes temas que afectan a convivencia. Neste sentido, as súas propostas abranguen medidas que teñen que ver con actuacións de diverso tipo:

- Manter reunións periódicas coas familias.

*Reunións non só individuais (nas que o tema habitual é o fillo) senón tamén colectivas (nas que os temas sexan máis variados e alcancen a cuestións relacionadas coa problemática xeral da convivencia e as relacións entre sectores dentro do centro).*

- Establecer programas de *formación conxunta* de pais e fillos sobre asuntos diversos e que teñan que ver coa actuación de ambos: temas de saúde, de convivencia, de perspectivas de futuro para os alumnos, etc.

*Estas actuacións que poderían formar parte do traballo dos orientadores (e tamén doutros especialistas invitados) teñen unha grande capacidade de impacto sobre a problemática emerxente nos centros escolares. E serven para ir constituíndo unha auténtica comunidade implicada no proceso de formación dos alumnos. As propias discusións que se vaian producindo nesas reunións serven, á súa*

*vez, para ir formando mellor os criterios das familias á hora de analizar e afrontar os problemas que poidan írselles presentando en relación cos seus fillos.*

Os orientadores/as observan que, en xeral, cómpre un reforzamento das relacións coas familias sobre todo nesta nova etapa da ESO que pasou a formar parte da escolaridade obrigatoria. O feito de non ter esa consideración o antigo BUP facía que o traballo coas familias fora máis reducido e tivera menos tradición nos institutos e centros de FP (tamén porque a idade dos alumnos era maior). Pero agora coa ESO, faise preciso recuperar o sentido e a importancia destes contactos coas familias tanto máis importante canto os problemas educativos para afrontar dende a escola resultan con moita frecuencia demasiado abertos e polivalentes como para ser afrontados coas soas forzas do profesorado e da institución escolar.

### 7) Entablar comunicación e accións integradas *con outros axentes sociais*

Este aspecto queda vinculado á idea presentada no punto anterior. Os problemas de convivencia desbordan, con frecuencia, as opcións que ten a escola de afrontalos con algunha posibilidade de eficacia.

Estase a demandar da escola que cumpra funcións non só instructivas senón de formación completa dos suxeitos en aspectos que van moito máis aló do que é incrementar os seus coñecementos disciplinares.

Esas funcións de desenvolvemento persoal integral, de socialización, de preparación para o mundo laboral, etc., requiren do concurso doutros axentes sociais como xa comentamos nun apartado anterior.

Ó final os centros escolares acaban sendo *servicios sociais* da comunidade local. E iso require actuar como institucións comprometidas no cambio social a través de medidas que teñen as escolas e centros educativos como centros de dinamización colectiva:

- En programas de desenvolvemento de políticas de infancia e xuventude.
- En programas de información ás familias (que non sempre contan con ideas claras con respecto ós grandes problemas do momento, sobre todo dos problemas que afectan ós seus fillos).

- En programas de mellora de aspectos sectoriais do propio traballo escolar: intercambios, vinculación a empresas e servicios, implicación de sectores da comunidade na acción escolar, etc.

En resumo, os orientadores/as fan unha lectura ampla do sentido que ten hoxe en día abordar o tema da convivencia nos centros escolares. Non se trata, xa que logo, de centrarse en medidas disciplinarias ou en avogar por unha intervención dirixida a tratar individualmente os suxeitos problemáticos. Trátase máis ben de medidas polivalentes que, no fondo, teñen como propósito mellorar a calidade da oferta educativa, na idea de que canto mellor funcionen as escolas menos probable é que teñan que afrontar problemas e conflitos de convivencia.

Nese marco, eles e elas teñen claro que a achega dos propios departamentos de orientación pode resultar moi importante sempre que se dote dunha adecuada formación ós profesionais que desenvolven esa tarefa e que non se lles atribúan funcións máis orientadas ó control dos suxeitos senón orientadas á dinamización do traballo formativo dos centros.

